

## AS COUSAS COMO SON CARREIRA PROFESIONAL: UN DEREITO ANULADO QUE URXE RESTITUIR

Santiago de Compostela 11/03/2022

1.- O Acordo de **carreira profesional** supuxo **INCREMENTOS SALARIAIS** do **5%** por riba do incremento xeral para o **persoal funcionario e garantía o cobro anticipado ao persoal laboral que participase VOLUNTARIAMENTE** no proceso de **funcionarización**. O proceso da funcionarización íase realizar SI ou SI e esperar a cobrar a carreira o persoal laboral cando rematasen os procesos de funcionarización suporía que aproximadamente 3.000 laborais non cobrarían os importantes incrementos salariais adicionais aos incrementos básicos que se percibiron nos anos 2019, 2020 e 2021.

2.- A **extensión do pago da carreira**, votada favorablemente por **UGT e CCOO** o 23 de xullo de 2019, foi unha **oportunidade perdida dos sindicatos non asinantes** do Acordo, que **apostaron** por seguir na **procura** dos seus “éxitos” xudiciais, e a **Xunta** toda vez que persistían os posicionamentos en contra, **decidiu ampararse na espera das resolucións xudiciais** e non poñer nin un euro máis. **UNHA OPORTUNIDADE PERDIDA**, pese ao que agora din desde algunha central sindical, saben que erraron e dóelles recoñecelo, pero a realidade é teimuda, **estamos como estamos grazas aos que sempre din non, para non avanzar en dereitos**.

3.- A **primeira resolución xudicial** que anulou a sección de carreira responde a un **erro sindical sen precedentes da central maioritaria**, que **solicita a anulación dun dereito** e nesas estamos, xa non hai discriminación, **xa non hai dereito que estender**. Enredaron uns meses coa presentación dun **incidente de aclaración inútil** tamén. Na **seguinte sentenza, da que presumen** agora, resulta que **o que lles din é cal foi a sentenza que xa ANULOU O DEREITO**. Temos algún antecedente deste mesmo sindicato, por exemplo a primeira carreira de Galicia (SERGAS), que eles recomendaban non solicitala e logo foron outros os sindicatos tiveron que buscar solucións, revisando os prazos para recoller ás persoas que non o solicitaran, ao inicio, facéndolles caso a eses do NON. Agora recomentan que se vaia aos seus servizos xurídicos para solicitar individualmente a carreira o persoal laboral (pasar por caixa), **cando saben que o dereito colectivo a carreira está anulado**. E tamén cabe preguntarlles cantos dereitos colectivos conseguiron vía xudicial?.

4.- A **modificación do EBEP suprimiu a denominación de “carreira”**, deixando a xenérica de “funcionario” a secas, **isto non é o resultado de ningunha sentenza en Galicia**, é o resultado dunha negociación a nivel estatal que se plasma no RD 14/2021, na que a Comisión de Emprego Público, onde están presentes o Ministerio, CCAA e FEMP, pretendían acoutar os dereitos do persoal funcionario interino, e quedou redactado nesas termos obrigando a aquelas CCAA que contan con leis de función pública, a trasladar ás súas normativas esta norma estatal básica.

4.- A **xestión do seu NON** baseouse na **manipulación informativa amedrentando ao persoal laboral coa funcionarización**. Díxose que o persoal que se presentase e non superase o proceso tería que **DEVOLVER OS CARTOS**, inciden no carácter coactivo sobre o persoal, pero curiosamente os que conforman o **sindicato nacionalista e cefiseiros son solicitantes voluntarios e participan en procesos que lles din aos demais que son coercitivos**. Falsidade tras falsidade para negarlle un dereito ao persoal que por suposto **eles se apresuraron a solicitar**.

5.- Xa se ten demostrado que **todo era unha manipulación e intento de engano masivo pero agora volven a enredar coas demandas de cobro de carreira sen funcionarizarse**, ou coa invitación as persoas coa funcionarización superada para que non tomen posesión. Que fagan esta recomendación por escrito e asuman a responsabilidade das consecuencias de non tomar posesión. A pregunta que temos que facernos é: **SON ELES CAPACES DE ABRIR ALGÚN OUTRO PROCESO DE FUNCIONARIZACIÓN COAS CARACTERÍSTICAS DESTE (temarios reducidos e preguntas publicadas previamente)?**, e co resultado de preto de **3.000 persoas** con superación dos procesos. **Son eles quen de que as persoas que sigan as súas veladas recomendacións teñan posibilidades reais de estender dereitos nun réxime laboral a extinguir?. Consideran que a mobilidade e a seguridade no emprego, non e maior nun réxime xurídico funcional que no laboral?**

6.- Veremos outra vez como sucedeu ao longo deste tempo con todos os medos que a realidade foi desmontando, si a xente fai caso deste novo reclamo ou fai o que fan a totalidade dos sindicalistas?. Si todas as persoas laborais con responsabilidade sindical, **asinantes ou non do Acordo de concertación, solicitaron a funcionarización voluntaria para ACOLLERSE AOS BENEFICIOS DA MESMA, ENTÓN DE QUE ESTAMOS A FALAR?** Entón, cabe preguntarse por que o persoal funcionario se lles amendentrou pola perda dos seus dereitos derivada da funcionarización do persoal laboral.

7.- En definitiva **nas relacións laborais, cando se trata de dereitos colectivos, xogar todas as cartas ou xogar mal as cartas en interese dun posicionamento sindical equivocado** (entendendo equivocado porque non é útil para resolver o problema, nin para avanzar en dereitos) **é lexítimo, pero non é de recibo que os fracasos destes miopes posicionamentos sindicais se enmascaren con ruído e dicíndolle ao persoal que faga o que eles non fan.**

8.- Os tres sindicatos de clase representativos, incluído o sindicato nacionalista, nos afecta a **pretendida deslexitimación das organizacións representativas por parte de plataformas e a mercantilización do dereito á fixeza directa**. Nestas plataformas dicíase que non había sindicatos, participou en Galicia a CSIF, e logo viuse claramente que estaban múltiples organizacións non representativas (CGT, CUT, CNT, COBAS...). Por outra banda, recordar as tarifas dos bufetes para a presentación das reclamacións é vergoñento, devolveron os cartos ??????. **Agora os promotores dubidan si teñen un logro ou un perigo.**

9.- Tanto en materia de **ESTABILIDADE, CARREIRA OU RECUPERACIÓN DE DEREITOS**, moitos terán que **decidir si poden traballar** na procura dunha **solución** ou lles resulta **máis rendible que non teña solución nin a carreira nin a estabilidade**, e confórmanse con seguimento do Acordo de teletraballo ou facer libelos cefiseiros.

10.- **UGT non asina a calquera prezo, máis ben ao contrario.** É evidente que todo o persoal empregado público sabe que **AVANZAR en dereitos COLECTIVOS é o resultado de acordos non de desacordos.** Senón se asinara nada non habería acordos e non se avanzaría. **UGT Servizos Públicos considera necesario e urxente restituír a regulación do dereito á carreira para reanudar xa a percepción do complemento salarial.**